

1.1. Crecemento económico

Neste primeiro capítulo analizaremos a evolución en Galicia no ano 2001 de diversas variables macroeconómicas como o PIB, a renda, a balanza comercial ou o IPC. No primeiro apartado achegáronos ó crecemento económico, comezando pola situación nos ámbitos estatal e internacional, para coñecer o marco xeral no que sitúalo decorrer económico de Galicia.

1.1.1 Contorno internacional e estatal

No ano 2001 a economía mundial presentou unha clara desaceleración. Rematou o gran dinamismo económico que de 1992 a 2000 rexistrou a economía estadounidense e no segundo e terceiro trimestre (xa antes do atentado do 11-S) baixou o seu PIB, polo que tecnicamente entrou en recesión, o que levou á Reserva federal a aprobar sucesivos recortes do prezo do diñeiro (once en total no ano 2001) ata deixalo no nivel máis baixo dos últimos corenta anos (1,75%).

A Unión Europea baixou á metade do ano anterior a súa taxa de crecemento económico e quedou nun 1,6%; a “eurozona”, pola súa banda, subiu o PIB nun 1,5%. As estimacións de Eurostat son que no último trimestre do ano 2001 baixou o PIB en relación co trimestre anterior nas dúas áreas citadas (nun 0,1% na UE e nun 0,2% na zona euro).

Unha das principais potencias destas dúas áreas (Alemaña) acusou a desaceleración con especial virulencia: creceu só un 0,6% no ano 2001 (fronte ó 3% do ano anterior) e quedou co peor rexistro na evolución do PIB desde 1993; ademais, pechou o ano cun déficit público do 2,6% do PIB (a maior porcentaxe desde o ano 1997) e unha destrución de 130.000 empregos netos. Alemaña entrou en recesión no último trimestre de 2001 (un trimestre despois que os Estados Unidos), tras encadear dous trimestres consecutivos con descenso do PIB.

Xapón segue en plena recesión e os dous últimos trimestres do ano presentou cifras negativas (descensos do PIB do 0,5% no terceiro e do 1,2% no cuarto), como xa ocorrera no segundo trimestre (- 1,2%). Pola súa banda, as economías do sueste asiático sofren tamén os efectos da desaceleración da demanda mundial e en Sudamérica houbo un importante deterioro da situación económico-social en Arxentina e Venezuela, que no ano 2001 non tiveron un efecto-contaxio importante nos outros estados da rexión.

O cadro 1.1 recolle o crecemento económico do último sexenio en dezaseis Estados da OCDE (así como nos conxunto da OCDE, da UE e máis dos estados europeos da OCDE). Sobrancea nese período a suba acumulada do PIB de

Crecemento económico. OCDE⁽¹⁾. 1996-2001

■ Cadro 1.1

	1996	2001
OCDE	103,0	118,8
OCDE Europa	102,1	116,5
Total UE	101,7	116,0
España	102,4	123,8
Alemaña	100,8	110,1
Francia	101,1	116,1
Italia	101,1	111,7
Países Baixos	103,0	121,1
Reino Unido	102,5	117,6
Dinamarca	102,5	115,1
Portugal	103,7	122,6
Austria	102,0	114,7
Suecia	101,1	117,2
Finlandia	104,0	128,9
Suíza	100,3	110,8
Noruega	105,2	118,3
EEUU	103,6	123,7
Canadá	101,5	122,6
Xapón	103,4	106,9

(1) PIB do ano 1995=100
Fonte: OCDE: "Main Economic Indicators"

Finlandia (28,9%), seguida de España (23,8%) e EE.UU. (23,7%), moi por riba do crecemento económico no conxunto da OCDE (18,8%) e máis aínda do dos países europeos da OCDE (16,5%) ou da UE (16%). Se no conxunto da economía mundial a suba do PIB finlandés ou español non ten unha gran repercusión (porque só representan un 0,5% e un 2,9% respectivamente do PIB total da OCDE), a gran importancia do PIB estadounidense no conxunto da OCDE (35,1%) converte a súa desaceleración económica do ano 2001 (e, anque menos, as de Alemaña e Xapón, que no segundo semestre dese ano están en plena recesión) en factor clave para explica-la perda de dinamismo na economía mundial.

O menor crecemento do último sexenio tivérono (entre os países analizados no cadro) Xapón -que só medrou un 6,9% e baixou o PIB no último ano- e Alemaña, Suíza e Italia -nos que a suba acumulada do PIB do sexenio non chegou ó 12%-. España quedou no grupo de estados de maior crecemento económico (cun 23,8%), por riba do aumento medio da OCDE e, sobre todo, dos da UE e dos países europeos da OCDE.

No cadro 1.2 presentémo-las taxas de desemprego de vinte países da OCDE no último sexenio. España segue a ser no ano 2001 o estado con maior taxa de paro da OCDE, pese á importante e continua redución da mesma no período analizado (anque con menos intensidade no último ano). A taxa de desemprego española

Taxas de desemprego⁽¹⁾. OCDE. 1996-2001

■ Cadro 1.2

	1996	2001
OCDE	7,4	6,5
OCDE Europa	10,5	8,3
Total UE	10,8	7,6
España	22,2	13,0
Alemaña	8,9	7,9
Francia	12,3	8,6
Italia	11,7	9,5
Países Baixos	6,3	2,4
Bélxica	9,7	6,6
Luxemburgo	3,0	2,4
Reino Unido	8,1	5,0
Irlanda	11,7	3,8
Dinamarca	6,8	4,3
Portugal	7,3	4,1
Austria	4,3	3,6
Suecia	9,6	5,1
Finlandia	14,5	9,1
Suíza	3,9	2,6
Noruega	4,9	3,6
EEUU	5,4	4,8
Canadá	9,6	7,2
Xapón	3,4	5,0
Australia	8,5	6,7

(1) En medias anuais
Fonte: OCDE: "Main Economic Indicators"

dese ano (13%) é o dobre que a media da OCDE e supera en máis dun 76% á da UE e nun 57% a dos países europeos da OCDE. Os estados que seguen a España en altas taxas de paro son Italia (9,5%) e Finlandia (9,1%). Os de menor taxa de desemprego son os Países Baixos, Luxemburgo e Suíza (todos por baixo do 3%).

■ Cadro 1.3

**Evolución do PIB e dos seus compoñentes⁽¹⁾
Perspectiva do gasto. España. 2000-2001**

Operacións	Ano		2001			
	2000	2001	Tri. I	Tri. II	Tri. III	Tri. IV
Gasto en consumo final	4,0	2,8	2,8	2,5	2,6	3,3
- Gasto en consumo final dos fogares	4,0	2,7	2,8	2,4	2,4	3,3
- Gasto en consumo final das ISFLSH	3,0	2,1	4,9	2,3	0,9	0,4
- Gasto en consumo final das AAPP	4,0	3,1	2,8	2,7	3,4	3,6
Formación bruta de capital fixo	5,7	2,5	4,0	2,7	1,8	1,3
Variación de existencias ⁽²⁾	-0,1	0,1	-0,3	0,5	-0,1	0,4
Demanda interna ⁽²⁾	4,3	2,9	2,8	3,1	2,4	3,2
Exportación de bens e servicios	9,6	3,4	9,3	4,0	2,4	-1,3
Importación de bens e servicios	9,8	3,7	7,1	5,8	0,5	1,6
PIB a prezos de mercado	4,1	2,8	3,3	2,5	3,0	2,3

(1) Prezos constantes base 1995, en taxas de crecemento interanuais

(2) Aportación ó crecemento do PIB a prezos de mercado

Fonte: INE. Boletín trimestral de Conxuntura, I/2001

No cadro 1.3 recollémo-las taxas de crecemento interanual de diversos agregados macroeconómicos da Contabilidade Nacional de España (elaborada polo INE) para os anos 2000 e 2001. O PIB español de 2001 reflicte a clara desaceleración do último ano, xa que a súa taxa de crecemento (2,8%) queda 1,3 puntos por baixo da do ano anterior, anque -como vimos anteriormente- moi por riba do crecemento económico na UE (1,6%). Destacarámolo os seguintes puntos do decorrer económico español do último ano desde a perspectiva da demanda :

■ O factor fundamental para explica-lo menor crecemento económico español no 2001 respecto do ano anterior foi a evolución da demanda interna que perdeu forza respecto do ano anterior. No tocante á súa composición, o cadro reflicte a desaceleración do gasto en consumo final (que pasou do 4% ó 2,8%) e sobre todo da demanda de inversión (que baixou dun 5,7% a un 2,5%). Ofrecemos no cadro os datos que permiten ós interesados facer un seguimento máis polo miúdo dos tres compoñentes do gasto en consumo final (nos que se ve que o peor comportamento relativo foi o do gasto dos fogares).

■ No tocante ó sector exterior, tivo unha contribución á variación do PIB español do ano 2001 semellante á do ano anterior (-0,1 puntos). Houbo unha clara ralentización no comportamento do comercio exterior español, xa que as exportacións medraron un 3,4% (6,2 puntos menos que no ano anterior) e as importacións fixérono nun 3,7% (6,1 puntos menos que en 2000) .

Examinando o cadro macroeconómico español desde a perspectiva da oferta (cadro 1.4) destacaremos no ano 2001:

■ Cadro 1.4

**Evolución do PIB e dos seus compoñentes
Perspectiva da oferta. España. 2000-2001**

Operacións	Ano		2001			
	2000	2001	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV
Ramas agraria e pesqueira	1,5	-0,3	-0,6	-1,8	1,7	-0,6
Ramas enerxéticas	4,0	2,2	5,0	3,3	0,8	-0,4
Ramas industriais	4,0	1,1	0,7	1,2	2,8	-0,2
Construcción	6,3	5,5	5,7	5,6	5,3	5,4
Ramas dos servizos	3,9	3,3	3,3	3,4	3,4	3,2
PIB a prezos de mercado	4,1	2,8	3,3	2,5	3,0	2,3

Fonte: INE. Boletín trimestral de Conxuntura, I/2001

■ A lixeira contracción do sector agro-pesqueiro (-0,3%), despois da achega positiva do ano anterior (1,5%).

■ A importante desaceleración do crecemento das ramas industriais e enerxéticas, que pasan dunha suba do 4% no ano 2000 a un 1,1% e 2,2% respectivamente no último ano.

■ A desaceleración relativamente menor en 2001 da construción (que pasa do 6,3% ó 5,5%, aunque segue a ser o sector de maior crecemento) e dos servizos (do 3,9% ó 3,3%).

1.1.2. Crecemento económico galego

Neste apartado estudiaremos, en primeiro lugar, o crecemento económico galego no ano 2001, o comportamento dos distintos sectores productivos e a comparación coa media estatal; analizaremos tamén os datos por habitante de diversas variables macroeconómicas vencelladas coa produción e a renda. Posteriormente achegarémonos á evolución do PIB ou da renda en Galicia e compararémosla á estatal e á da UE nun período máis amplo.

1.1.2.1. Crecemento do ano 2000

A economía galega continuou desacelerándose progresivamente ó longo dos catro trimestres do ano 2001 (como xa ocorreu no ano anterior). O seguimento da evolución do valor engadido bruto que figura no cadro 1.5 amosa que o ritmo de caída do VEB foi inferior no segundo semestre e no último trimestre de 2001 a taxa de crecemento interanual quedou, cos datos do IGE, no 2,8% (oito décimas menos que no mesmo período do ano anterior).

Valor engadido bruto⁽¹⁾. Galicia. 2001
■ Cadro 1.5

	I T. 01	II T. 01	III T. 01	IV T. 01
Agricultura e Pesca	-0,6	0,6	1,2	1,3
Energía	2,9	-0,1	-2,1	-2,1
Industria	3,5	3,4	3,4	3,7
Construcción	5,7	5,2	4,5	3,7
Servicios de mercado	3,6	3,4	3,4	3,3
Servicios non de mercado	1,9	2,0	2,3	2,3
Non primario	3,6	3,2	3,0	2,9
Total	3,3	3,0	2,9	2,8

(1) Taxas de variación interanuais
Fonte: IGE

O crecemento estatal do VEB no ano 2001 (véxase o cadro 1.6) explicita que tamén se deu un deterioro progresivo nos distintos trimestres.

Valor engadido bruto⁽¹⁾. España. 2001
■ Cadro 1.6

	I T. 01	II T. 01	III T. 01	IV T. 01
Agricultura e Pesca	0,1	-1,6	-1,2	1,5
Energía	4,5	2,9	1,1	0,2
Industria	2,0	1,6	1,0	0,0
Construcción	5,8	5,5	5,4	5,4
Servicios de mercado	3,6	3,5	3,4	3,3
Servicios non de mercado	2,5	2,8	3,1	3,3
Non primario	3,3	3,2	3,0	2,7
Total	3,2	2,9	2,8	2,6

(1) Taxas de variación interanuais
Fonte: INE

A análise desagregada por sectores productivos do crecemento interanual en cada un dos trimestres do ano 2001 do VEB galego e español poden facelo as persoas interesadas en afondar neste tema cos datos do IGE e máis do INE que presentamos nos dous últimos cadros citados.

O cadro 1.7 recolle os datos por comunidades autónomas aportados pola “Fundación de las Cajas de Ahorro para la Investigación Económica y Social” (FUN-CAS). Reflicte que nas comunidades autónomas o crecemento económico no ano 2001 variou entre un 4,07% (Comunidade Valenciana) e un 2,19% (Aragón); ó igual que no ano anterior tódalas comunidades autónomas tiveron un crecemento económico superior á media da Unión Europea ou da OCDE.

■ Cadro 1.7

Crecemento económico^(*) e variación da poboación.
Por comunidades autónomas. 2000-2001

	% Crecemento económico				% Variación da poboación	
	Total		Sectores non agrarios		2000	2001
	2000	2001	2000	2001		
Andalucía	5,15	3,78	5,19	4,11	0,54	0,87
Aragón	4,61	2,19	4,70	2,34	-0,13	0,81
Asturias	4,04	2,41	4,11	2,36	-0,33	-0,11
Baleares	4,71	2,87	4,81	2,96	1,23	3,97
Canarias	4,14	2,91	4,37	3,10	1,08	3,79
Cantabria	4,65	3,42	4,79	3,56	-0,01	1,15
C. A Mancha	4,83	2,75	4,91	3,07	0,18	1,35
C. León	4,47	2,66	4,41	3,37	-0,32	0,00
Cataluña	4,61	2,72	4,56	2,78	0,16	1,62
C. Valenciana	5,15	4,07	5,33	4,14	0,43	1,99
Extremadura	5,77	2,42	4,64	2,68	-0,04	0,36
Galicia	4,34	2,73	4,76	2,85	-0,27	0,04
Madrid	4,97	3,37	4,97	3,37	0,04	3,21
Murcia	5,09	3,07	5,51	3,22	0,76	3,57
Navarra	4,83	2,41	4,97	2,56	0,17	2,16
País Vasco	4,10	3,11	4,44	2,94	-0,20	0,13
A Rioxa	4,77	2,62	4,87	2,90	0,09	2,36
Ceuta	4,02	2,54	4,04	2,56	0,58	0,60
Melilla	4,03	2,68	4,03	2,69	0,58	3,81
España	4,76	3,12	4,82	3,25	0,21	1,53

(*) Medido pola variación do valor engadido bruto a prezos constantes

Fonte: FUNCAS, "Cuadernos de Información Económica", marzo/abril 2001 e marzo/abril 2002

Galicia, cun 2,73% de suba fronte ó 3,12% estatal, quedou no ano 2001 no posto décimo no ranking de crecemento económico das comunidades autónomas (case catro décimas por baixo da suba media estatal) e na posición antepenúltima na clasificación por crecemento da poboación (queda practicamente no nivel do ano anterior, mentres que o crecemento demográfico medio estatal foi do 1,53%).

O crecemento económico galego do ano 2001 dos sectores non agrarios (2,85%) supera nunha décima á suba xeral do VEB na nosa comunidade pero segue co mesmo diferencial por baixo do estatal (0,4 puntos).

Segundo a estimación de FUNCAS só dúas comunidades autónomas tiveron unha evolución da poboación menor que Galicia no ano 2001 (e foron precisamente as mesmas do ano anterior: Asturias e Castela-León). Cómpre insistir en que os países nos que a poboación é menos dinámica -como Galicia nos últimos anos- terán na evolución desta compoñente parte da explicación do mellor comportamento do PIB ou da renda por habitante en relación a outros de máis dinamismo demográfico, porque a evolución destas variables está condicionada pola das dúas das que depende: o valor da produción e o da poboación.

O peor comportamento demográfico de Galicia respecto da media de España a longo prazo foi obxecto de análise en anteriores Informes (ós que remitimos ós interesados) e a evolución ano por ano na última década pode consultarse no cadro 3.1 deste mesmo Informe. A participación da poboación galega na total estatal diminuíu (cos datos de FUNCAS) de 1995 a 2001 en 0,27 puntos (pasou dun 6,92% a un 6,65%). Xa que logo, a igual evolución do PIB en Galicia e España, o PIB por habitante galego “converxerá” nun 3,90% co estatal nese sexenio simplemente pola diferente dinámica demográfica.

Matizado esto, presentamos no cadro 1.8 a clasificación das distintas comunidades autónomas no último bienio en dous índices por habitante: o PIB e a renda familiar dispoñible (segundo o poder de compra). Observamos que nesas variables Galicia gaña no último ano 0,79 e 0,50 puntos respectivamente en comparanza coa media estatal (nun ano no que, como reflicte o cadro 1.7, o crecemento económico galego foi catro décimas inferior ó estatal pero a suba media estatal da poboación multiplicou por 38 o da galega).

■ Cadro 1.8

Índices por habitante do PIB e da renda. Por comunidades autónomas. 2000-2001

Producto interior bruto a prezos de mercado			Renda familiar dispoñible según poder de compra		
	2001	2000		2001	2000
Baleares	130,88	132,40	Aragón	115,25	115,56
Madrid	128,38	130,30	Madrid	115,14	116,96
Navarra	123,60	125,79	Navarra	113,56	115,27
Cataluña	122,23	123,14	A Rioxa	113,31	114,95
A Rioxa	115,99	117,82	Baleares	108,60	111,17
País Vasco	115,41	114,10	Cataluña	108,56	109,34
Aragón	107,12	107,49	País Vasco	107,12	106,83
C. Valenciana	102,14	101,41	Cast. e León	106,41	105,86
España	100,00	100,00	España	100,00	100,00
Cast. e León	92,77	91,74	C. Valenciana	99,53	98,84
Cantabria	92,41	91,98	Cantabria	97,89	97,77
Canarias	90,63	92,31	Galicia	97,17	96,38
Asturias	83,30	82,44	Cast. A Mancha	95,43	94,02
Galicia	83,05	82,26	Ceuta	95,14	94,64
Cast.-La Mancha	82,01	82,08	Asturias	95,01	94,40
Murcia	79,02	80,68	Melilla	94,05	97,85
Ceuta	75,26	74,97	Extremadura	88,54	88,64
Melilla	75,12	77,38	Canarias	86,30	86,11
Andalucía	73,95	72,97	Andalucía	83,57	82,31
Extremadura	70,59	70,25	Murcia	83,20	85,34

Fonte: FUNCAS, "Cuadernos de Información Económica", marzo/abril 2002

1.1.2.2 Crecemento do PIB e a renda no período: 1995-2001.

Para que a visión polo miúdo do decorrer anual que se realiza nun Informe destas características non nos faga perde-la perspectiva da tendencia temporal máis ampla na que esta se enxerta, presentamos neste epígrafe os datos de PIB e renda que permiten o seguimento -global e por habitante- nas distintas comunidades autónomas desde 1995.

No cadro 1.9 podemos ollar a evolución nese período en termos de renda familiar bruta dispoñible en paridade de poder de compra. Esta é a variable que amosa o volume das rendas percibidas polos fogares e institucións non lucrativas -excluídas as administracións públicas- residentes en cada comunidade autónoma, tendo en conta o nivel relativo do índice de prezos de consumo de cada unha das comunidades. Non só inclúe achegas que proceden da vía da produción de bens e servizos (coma por exemplo as rendas salariais ou as rendas mixtas -traballo e capital- percibidas polos traballadores por conta propia) senón tamén as prestacións sociais e outras transferencias recibidas polos fogares e institucións non lucrativas. Cómpre lembrar que se exclúen para o seu cálculo as cotas da Seguridade Social e os impostos directos pagados polas familias.

■ Cadro 1.9

Renda familiar bruta dispoñible (Poder de compra)⁽¹⁾. Por comunidades autónomas. 1995-2001

	Renda familiar bruta dispoñible (Poder de compra)		% Variación sobre o ano anterior						Taxas de variación	
	1995	2001	1996	1997	1998	1999	2000	2001	1995-2001	Media anual
Andalucía	7.905.554	63.423,6	2,14	6,21	4,92	4,87	5,79	4,60	26,49	3,99
Aragón	1.769.655	14.146,3	2,49	4,22	4,50	5,62	5,12	2,69	20,54	3,16
Asturias	1.393.090	10.472,8	0,20	3,53	3,69	5,45	4,95	2,68	17,24	2,69
Baleares	1.200.811	9.729,1	3,39	5,57	8,18	10,23	5,12	3,74	39,06	5,65
Canarias	2.054.891	15.713,5	4,64	5,17	7,09	7,80	6,20	6,25	41,64	5,97
Cantabria	716.147	5.381,5	1,50	3,60	5,08	6,91	6,02	3,44	27,28	4,10
C. A Mancha	2.145.253	17.174,1	2,51	4,23	5,16	5,74	5,13	5,07	25,14	3,81
C. León	3.530.722	26.982,4	1,81	4,23	4,80	6,59	5,30	2,67	19,22	2,97
Cataluña	8.652.161	70.469,2	0,53	3,40	5,45	6,36	4,94	3,06	25,50	3,86
C. Valenciana	5.374.941	42.775,1	1,80	5,13	5,83	7,02	5,92	4,91	31,80	4,71
Extremadura	1.171.274	9.739,5	2,38	5,73	5,63	5,91	5,65	2,40	28,61	4,28
Galicia	3.313.483	27.197,2	2,98	4,35	4,60	3,57	4,89	3,02	24,73	3,75
Madrid	7.647.866	63.348,7	1,28	3,60	8,21	6,05	5,39	3,78	33,79	4,97
Murcia	1.286.616	10.134,4	3,59	6,05	5,59	3,76	4,17	3,13	23,87	3,63
Navarra	870.157	6.451,2	1,52	4,21	6,38	3,98	4,64	2,80	27,42	4,12
País Vasco	3.040.820	23.053,5	0,38	3,06	5,77	2,46	2,12	2,55	23,90	3,64
A Ríoxa	408.205	3.140,7	3,83	3,75	5,76	3,92	3,50	3,06	26,59	4,01
Ceuta	99.522	738,2	4,62	3,00	3,64	5,60	4,26	3,30	18,64	2,89
Melilla	89.713	663,2	0,49	1,47	5,64	5,38	2,32	1,92	20,30	3,13
España	52.670.881	420.734,2	1,77	4,44	5,78	5,73	5,16	3,71	27,37	4,11

(1) En millóns de euros constantes de 1995

Fonte: FUNCAS, "Cuadernos de Información Económica", marzo/abril 2002

O crecemento acumulativo galego de 1995 a 2001 (22,73%) está por baixo do estatal (27,37%); en taxas medias anuais a diferenza en contra de Galicia é de 0,36 puntos, polo que a suba estatal media anual desta variable superou nun 9,6% á galega no período de análise. Compróbase tamén no seguimento anual que no último quinquenio o crecemento desta magnitude macroeconómica en Galicia foi sempre inferior ó estatal.

Se queremos ve-la evolución do peso relativo de Galicia no total estatal de 1995 ó ano 2001 en poboación e en catro magnitudes económicas moi relevantes para o estudo que andamos a facer neste apartado, o cadro 1.10 constata que a participación porcentual de Galicia é menor que hai seis anos en todas elas.

■ Cadro 1.10

**Participación porcentual das comunidades autónomas.
1995 e 2001**

	Poboación		Emprego		PIB a prezos de mercado		Renda bruta a prezos de mercado		Renda familiar bruta dispoñible (poder de compra)	
	1995	2001	1995	2001	1995	2001	1995	2001	1995	2001
Andalucía	18,10	18,03	14,52	14,77	13,18	13,34	13,10	13,08	15,18	15,07
Aragón	3,00	2,92	3,21	3,16	3,28	3,13	3,38	3,22	3,55	3,36
Asturias	2,75	2,62	2,63	2,35	2,34	2,18	2,39	2,22	2,70	2,49
Baleares	1,92	2,13	2,55	2,66	2,55	2,79	2,40	2,64	2,12	2,31
Canarias	4,00	4,33	4,01	4,38	3,71	3,92	3,40	3,63	3,36	3,73
Cantabria	1,34	1,31	1,28	1,24	1,23	1,21	1,26	1,23	1,28	1,28
C. A Mancha	4,30	4,28	3,89	3,83	3,55	3,51	3,57	3,48	4,15	4,08
C. León	6,36	6,03	6,31	6,14	5,86	5,59	5,90	5,61	6,85	6,41
Cataluña	15,46	15,43	16,91	16,60	19,09	18,85	19,18	19,10	17,01	16,76
C. Valenciana	10,05	10,21	10,20	10,33	10,20	10,43	9,87	10,18	9,82	10,17
Extremadura	2,70	2,61	2,25	2,23	1,81	1,85	1,83	1,85	2,29	2,31
Galicia	6,92	6,65	7,31	6,84	5,64	5,52	5,68	5,58	6,60	6,46
Madrid	12,71	13,08	14,84	15,31	16,55	16,79	16,85	17,08	14,34	15,06
Murcia	2,76	2,90	2,53	2,59	2,24	2,29	2,23	2,27	2,48	2,41
Navarra	1,32	1,35	1,48	1,50	1,67	1,67	1,66	1,66	1,53	1,53
País Vasco	5,31	5,11	5,03	5,03	6,07	5,90	6,26	6,14	5,63	5,48
A Ríoxa	0,67	0,66	0,76	0,74	0,76	0,76	0,75	0,75	0,75	0,75
Ceuta	0,18	0,18	0,15	0,15	0,14	0,14	0,15	0,15	0,19	0,18
Melilla	0,15	0,17	0,14	0,15	0,13	0,13	0,14	0,13	0,17	0,16
España	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100

Fonte: FUNCAS, "Cuadernos de Información Económica", marzo/abril 2002

Respecto da posible converxencia ou achegamento de Galicia coa media española no último sexenio nesas variables, a conclusión destes datos é ben evidente: non existe, xa que desde 1995 Galicia baixou a súa participación na xeración do PIB, do VEB ou da renda (bruta ou familiar dispoñible) do conxunto do estado.

Evolución da poboación⁽¹⁾. Por comunidades autónomas. 1995-2001

■ Cadro 1.11

	Nº de habitantes		% do total de España	
	1995	2001	1995	2001
Andalucía	7.167.357	7.403.968	18,10	18,03
Aragón	1.190.118	1.197.428	3,00	2,92
Asturias	1.091.040	1.075.329	2,75	2,62
Baleares	759.246	873.961	1,92	2,13
Canarias	1.585.216	1.776.225	4,00	4,33
Cantabria	528.913	536.329	1,34	1,31
C. A Mancha	1.705.172	1.755.628	4,30	4,28
C. León	2.519.519	2.473.712	6,36	6,03
Cataluña	6.121.753	6.332.413	15,46	15,43
C. Valenciana	3.979.937	4.192.521	10,05	10,21
Extremadura	1.070.380	1.073.111	2,70	2,61
Galicia	2.743.177	2.730.611	6,92	6,65
Madrid	5.036.782	5.367.442	12,71	13,08
Murcia	1.091.784	1.188.335	2,76	2,90
Navarra	524.355	554.229	1,32	1,35
País Vasco	2.104.862	2.099.466	5,31	5,11
A Ríoxa	264.867	270.400	0,67	0,66
Ceuta	69.800	75.694	0,18	0,18
Melilla	58.982	68.789	0,15	0,17
España	39.613.260	41.045.591	100	100

(1) A día 1 de xullo de cada ano

Fonte: FUNCAS, "Cuadernos de Información Económica", marzo/abril 2002

A situación cambia se en vez dos datos globais analizámo-los datos por habitante, polo comportamento demográfico máis expansivo no conxunto estatal que en Galicia. Presentamos antes desa análise a evolución da poboación por comunidades autónomas desde 1995, que reflicte que Galicia foi a de maior descenso absoluto de poboación (12.566 habitantes); porcentualmente foi a terceira (cun 3,9% de diminución), tras Castela-León e Asturias.

No cadro 1.12 conséntase que a posición relativa de Galicia subiu 1,79 puntos de 1995 a 2001 en renda bruta por habitante e 1,54 puntos en PIB por habitante pero queda nas dúas por baixo do 84% da media estatal. As porcentaxes de suba da posición relativa galega por habitante nese sexenio son do 2,18% en renda e do 1,89% en PIB (moi por baixo do 3,9% que baixou a poboación galega respecto da española no mesmo período). Tomado como valor 100 a media estatal por habitante en PIB e renda bruta, Galicia avanzou no último ano do 82,26% ó 83,05% en PIB e do 83,06% ó 83,86% en renda bruta.

■ Cadro 1.12

**Evolución dos índices por habitante⁽¹⁾ do PIB e a Renda Bruta.
Por comunidades autónomas. 1995-2001**

	Índice de producto interior bruto por habitante							Índice de renda bruta por habitante						
	1995	1996	1997	1998	1999	2000	2001	1995	1996	1997	1998	1999	2000	2001
Andalucía	72,86	72,63	72,79	72,14	71,72	72,97	73,95	72,42	71,94	71,80	70,92	70,43	71,55	72,51
Aragón	109,16	108,63	108,25	107,49	107,53	107,49	107,12	112,60	112,01	111,66	111,34	110,80	110,88	110,50
Asturias	85,00	83,98	83,33	83,02	82,79	82,44	83,30	86,89	85,84	85,25	85,06	84,49	83,95	84,82
Baleares	132,87	131,70	129,83	130,87	133,08	132,40	130,88	125,29	123,86	122,18	123,18	125,95	125,54	124,10
Canarias	92,83	94,43	93,31	92,51	92,48	92,31	90,63	84,91	86,20	84,96	84,64	85,29	85,45	83,89
Cantabria	91,77	91,56	91,60	91,63	92,07	91,98	92,41	94,34	94,03	94,10	94,56	94,03	93,89	94,32
C. A Mancha	82,44	82,39	81,85	81,82	81,96	82,08	82,01	82,82	82,40	81,78	81,60	81,65	81,45	81,38
C. León	92,12	91,89	92,17	92,27	92,09	91,74	92,77	92,78	92,41	92,50	92,65	92,50	92,13	93,16
Cataluña	123,50	123,97	123,54	123,41	123,61	123,14	122,23	124,07	124,68	124,33	124,39	124,76	124,67	123,75
C. Valenciana	101,52	101,15	101,21	101,06	101,35	101,41	102,14	98,26	97,92	97,97	97,97	98,55	98,94	99,65
Extremadura	67,02	68,24	69,29	69,69	69,61	70,25	70,59	67,80	68,67	69,61	69,97	69,93	70,35	70,69
Galicia	81,51	82,16	82,46	82,46	82,40	82,26	83,05	82,07	82,63	82,94	83,04	83,21	83,06	83,86
Madrid	130,10	129,88	130,11	130,76	131,27	130,30	128,38	132,48	132,97	133,58	133,83	134,02	132,49	130,62
Murcia	81,35	81,67	81,95	81,15	80,52	80,68	79,02	80,84	80,85	81,03	80,30	79,66	80,08	78,44
Navarra	126,24	126,66	127,05	127,95	126,15	125,79	123,60	125,63	125,59	125,53	126,46	124,98	124,87	122,69
País Vasco	114,24	113,27	114,12	115,98	114,75	114,10	115,41	117,80	117,17	118,73	120,80	119,36	118,62	119,98
A Ríoxa	113,93	115,42	115,59	117,90	118,05	117,82	115,99	112,02	113,43	113,39	115,47	118,80	116,02	114,21
Ceuta	81,74	82,96	80,51	77,20	75,96	74,97	75,26	87,61	87,44	84,46	81,14	80,00	78,78	79,09
Melilla	87,51	86,23	83,51	82,17	80,64	77,38	75,12	91,66	89,83	87,53	85,51	84,18	80,93	78,56
España	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00

(1) En porcentaxe. Media española= 100

Fonte: FUNCAS, "Cuadernos de Información Económica", marzo/abril 2002

O cadro 1.13 infórmanos da posición relativa por habitante das distintas comunidades autónomas de 1995 a 2001 respecto da medias da Unión Europea, medida polo PIB e máis pola renda bruta. Cómpre subliñar que unha análise máis a fondo da converxencia real debería ter en conta tamén outros factores (como a taxa de paro ou o nivel de desenvolvemento tecnolóxico), o que certamente situaría a Galicia e a España nunha posición de maior diverxencia coa media da UE.

No tocante á comparanza en PIB por habitante coa media da UE, obsérvase que España acurtou a diferenza en 7,28 puntos de 1995 ó ano 2001 e Galicia practicamente igual (en 7,29 puntos) pero porcentualmente foi superior o avance galego (11,15%) que o estatal (9,08%). Respecto do índice estatal dese cadro, Galicia segue a estar case quince puntos por debaixo en 2001 (14,8, igual que en 1995).

Na comparanza en renda por habitante, España acurtou a diferenza co media da UE en 7,28 puntos desde 1995 (un 9,08%) e Galicia en 7,54 puntos (11,46%). Respecto do índice do conxunto estatal dese cadro, Galicia pasou de estar 14,38 puntos por baixo en 1995 a 14,12 puntos en 2001. Ós interesados no estudio para un período máis longo remitímolos ós Informes de anos anteriores.

Cadro 1.13

Converxencia coa media⁽¹⁾ da UE en PIB e Renda.
Por comunidades autónomas. 1995-2001

	Índice de produto interior bruto por habitante							Índice de renda bruta por habitante						
	1995	1996	1997	1998	1999	2000	2001	1995	1996	1997	1998	1999	2000	2001
Andalucía	58,42	59,23	59,68	60,05	61,36	63,27	64,68	58,07	58,67	58,87	59,03	60,26	62,04	63,42
Aragón	87,52	88,59	88,75	89,47	92,00	93,20	93,69	90,28	91,34	91,55	92,68	94,80	96,14	96,64
Asturias	68,15	68,49	68,32	69,11	70,84	71,48	72,85	69,67	70,00	69,90	70,80	72,29	72,79	74,18
Baleares	106,54	107,40	106,45	108,94	113,86	114,80	114,47	100,46	101,01	100,18	102,54	107,76	108,86	108,54
Canarias	74,43	77,01	76,50	77,01	79,13	80,04	79,26	68,08	70,30	69,66	70,45	72,97	74,09	73,37
Cantabria	73,58	74,67	75,10	76,27	78,78	79,76	80,82	75,64	76,68	77,15	78,71	80,45	81,41	82,49
C. A Mancha	66,10	67,19	67,11	68,11	70,12	71,17	71,73	66,41	67,20	67,05	67,92	69,86	70,63	71,17
C. León	73,86	74,94	75,57	76,81	78,79	79,55	81,14	74,39	75,36	75,84	77,12	79,14	79,89	81,48
Cataluña	99,02	101,10	101,29	102,73	105,76	106,77	106,90	99,48	101,68	101,94	103,54	106,74	108,10	108,23
C. Valenciana	81,40	82,49	82,98	84,12	86,72	87,93	89,33	78,78	79,85	80,33	81,55	84,32	85,79	87,15
Extremadura	53,74	55,65	56,81	58,01	59,56	60,91	61,74	54,36	56,00	57,07	58,24	59,83	61,00	61,83
Galicia	65,35	67,00	67,61	68,64	70,50	71,33	72,64	65,80	67,38	68,00	69,12	71,19	72,02	73,34
Madrid	104,31	105,92	106,68	108,84	112,31	112,98	112,28	106,22	108,44	109,52	111,40	114,67	114,88	114,24
Murcia	65,23	66,60	67,19	67,55	68,89	69,96	69,11	64,82	65,93	66,44	66,84	68,16	69,44	68,60
Navarra	101,22	103,29	104,17	106,51	107,93	109,07	108,10	100,73	102,42	102,92	105,27	106,93	108,27	107,30
País Vasco	91,60	92,37	93,57	96,54	98,18	98,94	100,94	94,45	95,55	97,35	100,55	102,12	102,86	104,93
A Ríoxa	91,35	94,13	94,77	98,14	101,00	102,16	101,44	89,82	92,50	92,97	96,12	99,08	100,60	99,89
Ceuta	65,54	67,65	66,01	64,26	64,99	65,01	65,82	70,25	71,31	69,25	67,54	68,45	68,31	69,17
Meiilla	70,17	70,32	68,47	68,40	69,00	67,10	65,70	73,49	73,26	71,77	71,18	72,02	70,17	68,71
España	80,18	81,55	81,99	83,24	85,56	86,71	87,46	80,18	81,55	81,99	83,24	85,56	86,71	87,46

(1) En índices por habitante, Media UE= 100

Fonte: FUNCAS, "Cuadernos de Información Económica", marzo/abril 2002

No tempo en que se remata a redacción deste Informe (mediados de xullo do ano 2002) o INE publicou os datos da "Contabilidade Rexional" axeitados ó novo sistema metodolóxico instaurado no conxunto da UE. Os datos do período 1995-2001 reflicten que o PIB galego creceu a unha taxa anual do 2,8%, por baixo da media estatal (3,6%) e só por riba de dúas comunidades autónomas (Castela-León e Asturias), anque certamente as dúas teñen unha renda por habitante superior á galega. Tamén reflicten que o peso da xeración de PIB de Galicia no total español diminuíu tódolos anos no último sexenio, e pasou no conxunto do período de representa-lo 5,61% en 1995 ó 5,35% en 2001.

No tocante ós datos por habitante, segundo o INE o PIB de Galicia colocaría á nosa comunidade en antepenúltima posición no ranking das "autonomías" no ano 2001, cun 78,46% da media estatal e só por riba de Andalucía (74,90%) e Extremadura (64,78%). A renda por habitante de Galicia en relación ós valores medios estatais diminuíu tódolos anos de 1995 a 2001, pasando de representar un 80,84% en 1995 a un 78,46% no 2001.

Cos datos do INE, non se tería producido converxencia algunha de Galicia coa media estatal no último sexenio senón que se tería ampliado a diverxencia ano tras ano, posto que Galicia non conseguiu acurta-la distancia que a separaba en 1995 do conxunto estatal en PIB ou renda senón que se agrandou desde entón. As dúas únicas comunidades autónomas que están en 2001 por baixo de Galicia en PIB por

habitante (Andalucía e Estremadura) si que conseguiron medrar no sexenio analizado a unha taxa media anual superior á estatal (3,36% en Andalucía e 2,89% en Estremadura, fronte ó 2,75% estatal) e lograron acurtar a distancia que a separa da renda media por habitante española (pasando de 1995 a 2001 Andalucía do 74,21% ó 74,90% e Estremadura do 63,10% ó 64,78%).

A Consellería de Economía da Xunta de Galicia emitiu unha nota ó se faceren públicos os datos do INE sinalando a súa discrepancia cos mesmos (como xa fixera tamén no ano 2001).

1.2. Crecemento económico e xeración de emprego

O crecemento económico non é un fin en si mesmo; a súa finalidade é darlle pulo a unha sociedade de maior benestar e nesa andaina a creación de máis e mellor emprego para a súa poboación é un paso irrenunciable. Achegarémonos agora á análise de en que medida a suba do PIB se converteu nos últimos anos en xeración de emprego en Galicia. No apartado terceiro do capítulo 3 tratamos máis polo miúdo o comportamento do emprego en Galicia, desagregado por sexos, sectores económicos, ramas de actividade, grupos de idade, provincias, situación profesional, carácter temporal ou indefinido do contrato, tipo de xornada (a tempo parcial ou total), etc. Remitimos a ese epígrafe ós interesados en afondar nalgún deses aspectos da ocupación en Galicia.

Cos datos da Fundación FUNCAS vemos no cadro 1.14 a posición das distintas comunidades no ano 2001, clasificadas de maior a menor crecemento (económico e do emprego) ou diminución (do desemprego). Se no conxunto do Estado un 3,12% de suba do PIB xerou un 2,58% de emprego neto, o crecemento económico galego (2,73%) creou un 1,75% de emprego neto. Se o noso crecemento económico en relación co estatal foi dun 87,50%, a nosa creación de emprego relativa quedou no 67,83%.

Vemos nas dúas primeiras columnas do cadro citado que as catro comunidades de maior crecemento económico no 2001 (Valenciana, Andalucía, Cantabria e Madrid) son tamén as que xeraron máis emprego neto (cun simple cambio de posicións entre os postos terceiro e cuarto), pero no caso de Galicia hai unha clara perda de posicións na clasificación do crecemento da ocupación (ocupa a antepenúltima posición, mentres que estaba nun lugar intermedio na de crecemento económico).

¿Por que un mesmo crecemento económico adoita transformarse en Galicia nunha menor creación relativa de emprego que en outras comunidades autónomas ou na media estatal? Como veremos máis polo miúdo nunha análise do emprego desagregada por sectores económicos neste mesmo epígrafe, a forte diminución do emprego agro-pesqueiro na nosa comunidade (que partía de niveis relativos mais altos que o conxunto estatal) é unha das causas principais.

No tocante á diminución do desemprego no último ano, a terceira columna do cadro 1.14 explicita que a posición de Galicia é moito mellor que nas clasificacións por crecemento económico ou do emprego, xa que ocupa a quinta posición por comunidades autónomas e queda a só dúas décimas do descenso do paro no conxunto do estado.

■ Cadro 1.14

Clasificación por crecemento económico, xeración de emprego e variación do paro.
Por comunidades autónomas. 2001

	% Crecemento económico		% Crecemento poboación ocupada		% Variación do paro
C. Valenciana	4,07	C. Valenciana	3,41	Andalucía	-4,33
Andalucía	3,78	Andalucía	3,39	C. Valenciana	-3,72
Cantabria	3,42	Madrid	3,17	Canarias	-2,80
Madrid	3,37	Cantabria	2,95	España	-2,66
España	3,12	Canarias	2,86	País Vasco	-2,65
País Vasco	3,11	España	2,58	Galicia	-2,44
Murcia	3,07	Baleares	2,51	A Ríoxa	-2,38
Canarias	2,91	Melilla	2,41	Extremadura	-2,28
Baleares	2,87	Murcia	2,27	Cast. e León	-2,20
Cast. A Mancha	2,75	Cas. A Mancha	2,24	Madrid	-2,05
Galicia	2,73	Cataluña	2,20	Aragón	-2,01
Cataluña	2,72	A Ríoxa	2,15	Murcia	-1,69
Melilla	2,68	Ceuta	2,07	Asturias	-1,44
Cast. e León	2,66	Aragón	2,04	Cataluña	-1,14
A Ríoxa	2,62	Navarra	1,95	Navarra	-0,95
Ceuta	2,54	País Vasco	1,87	Ceuta	-0,95
Extremadura	2,42	Asturias	1,75	Melilla	-0,79
Navarra	2,41	Galicia	1,75	Cantabria	-0,30
Asturias	2,41	Cast. e León	1,63	Cast. A Mancha	-0,10
Aragón	2,19	Extremadura	1,56	Baleares	-1,28

Fonte: FUNCAS, "Cuadernos de Información Económica", marzo/abril 2002

Se ademais da evolución do emprego ou do paro queremos coñecer a evolución por comunidades autónomas no ano 2001 da poboación activa ou da que ten 16 ou máis anos cos datos de FUNCAS, podemos ollalo no cadro 1.15. Este reflicte que só en catro comunidades autónomas (unha delas Galicia) baixou a poboación de 16 ou máis anos (que no conxunto estatal medra un 1,61%) e que o crecemento da poboación activa galega (1,31%) quedou bastante por baixo da estatal (1,96%).

A andaina trimestral da ocupación en Galicia pódese facer cos datos do cadro 1.16, que recolle tamén a desagregación sectorial do emprego. Salienta a fortísima e progresiva diminución ó longo do ano do emprego do sector primario da economía galega ata chegar ó 18% de descenso no cuarto trimestre de 2001 respecto do mesmo período do ano anterior. A ocupación nos sectores non primarios, pola súa banda, subiu bastante máis no segundo semestre no ano que no primeiro; ó longo do ano sobranceaba especialmente a xeración de emprego da industria pero a taxa de variación interanual do cuarto trimestre maior é a da construción; nese período vese que diminuíu o emprego galego nun 0,2% respecto do cuarto trimestre do ano anterior.

**Porcentaxe de variación de variables do mercado de traballo.
Por comunidades autónomas. 2001**

■ Cadro 1.15

	Poboación			
	16 e máis anos	Activos	Ocupados	Parados
Andalucía	0,87	1,87	3,39	-4,33
Aragón	0,83	1,79	2,04	-2,01
Asturias	-0,14	1,27	1,75	-1,44
Baleares	4,25	2,43	2,51	1,28
Canarias	3,78	2,15	2,86	-2,80
Cantabria	1,23	2,53	2,95	-0,30
C. A Mancha	1,52	1,98	2,24	-0,10
C. León	-0,03	1,19	1,63	-2,20
Cataluña	1,73	1,91	2,20	-1,14
C. Valenciana	2,12	2,65	3,41	-3,72
Extremadura	0,41	0,93	1,56	-2,28
Galicia	-0,03	1,31	1,75	-2,44
Madrid	3,51	2,72	3,17	-2,05
Murcia	4,01	1,76	2,27	-1,69
Navarra	1,92	1,76	1,95	-0,95
País Vasco	0,11	1,32	1,87	-2,65
A Rioxa	2,59	1,82	2,15	-2,38
Ceuta	-0,19	1,55	2,07	-0,95
Melilla	2,40	1,92	2,41	-0,79
España	1,61	1,96	2,58	-2,66

Fonte: FUNCAS, "Cuadernos de Información Económica", marzo/abril 2002

Evolución trimestral⁽¹⁾ do emprego. Por sectores. Galicia. 2001

■ Cadro 1.16

	I T. 01	II T. 01	III T. 01	IV T. 01
Emprego	0,9	-0,3	-0,1	-0,2
Primario	-4,0	-10,4	-17,2	-18,0
Emprego non primario	2,0	2,0	3,7	3,6
Industria	6,3	7,7	11,8	6,4
Construcción	-0,3	-0,8	-1,6	8,5
Servicios	1,0	0,7	2,2	1,5

(1) Taxas de variación interanuais
Fonte: INE

O cadro 1.17 resume a creación de emprego en Galicia e España en valores absolutos e porcentuais na última década e máis no último quinquenio. Constátase que o ritmo de crecemento da ocupación foi case o dobre no estado que en Galicia no último quinquenio. Para un período temporal máis amplo (a última década) compróbase que a diferenza a prol da media española é moito maior; xa que Galicia perdeu emprego neto mentres que en España creceu un 18%.

■ Cadro 1.17

Variación do emprego⁽¹⁾
Galicia/ España. 1992/1997/2001

	1992-2001		1997-2002	
	En valor absoluto	En %	En valor absoluto	En %
Galicia	-19.800	-2,00	85.700	9,50
España	2.268.000	18,00	2.323.300	18,50

Elaboración propia

(1) Estudíouse a evolución do 4º trimestre de 1992 (ou de 1996) ó mesmo período de 2001

Fonte: INE (EPA)

O cadro 1.18 presenta o seguimento anual da andaina no último sexenio dos crecementos económico e do emprego en Galicia e España. En España xerouse emprego neto tódolos anos e en Galicia en todos agás o primeiro e o último. En ningún dos anos analizados acadou Galicia unha taxa de suba do emprego maior que o estatal; o maior achegamento produciuse no ano 2000, no que Galicia tivo a maior porcentaxe de xeración de emprego neto da última década.

Obsérvase tamén nese cadro que agás en 2001, nos outros anos analizados a creación estatal de emprego foi cando menos do 3%, mentres que en Galicia esa porcentaxe só se acadou no bienio 1999-2000. Subliñaremos así mesmo que no último sexenio Galicia necesitou un crecemento económico no entorno do 3% para que subira o seu emprego neto, mentres que o limiar de xeración de emprego é menor no estado (cun crecemento económico do 2,7% ou do 3,1% no primeiro e no último ano do sexenio respectivamente creou emprego).

A dificultade de transforma-lo crecemento económico en xeración de emprego en Galicia explíctase co seguimento comparativo entre Galicia e España dos datos dese sexenio; compróbase que a diferenza en favor de España é sempre moito maior na xeración de emprego que no crecemento económico (agás no ano 2000, en que foron semellantes).



Crecemento económico⁽¹⁾ e xeración de emprego⁽²⁾ Galicia/ España. 1996-2001

■ Cadro 1.18

	1996	1997	1998	1999	2000	2001
Galicia						
% crecemento económico	1,8	3,4	4,0	3,8	4,3	2,7
% variación emprego	-1,6	0,7	2,1	3,1	3,6	-0,2
España						
% crecemento económico	2,7	3,8	4,6	4,2	4,8	3,1
% variación emprego	3,3	3,0	3,3	5,2	4,1	1,8

(1) Datos FUNCAS

(2) Datos do INE: EPA do 4º trimestre de cada ano



¿Houbo algún cambio importante no ano 2000 na estrutura do emprego para que Galicia conseguira nese ano a porcentaxe de xeración de emprego máis próxima á estatal de toda a década? A desagregación por sectores económicos do crecemento da ocupación no último quinquenio que ofrece o cadro 1.19 explicita que o principal factor diferencial no ano 2000 respecto dos anos anteriores foi a creación de emprego neto no sector agrario galego.

■ Cadro 1.19

Emprego e xeración de emprego⁽¹⁾. Por sectores económicos. Galicia. 1996-2001

	Emprego						Variación absoluta do emprego					
	1996	1997	1998	1999	2000	2001	1997-1996	1998-1997	1999-1998	2000-1999	2001-2000	2001-1996
Agricultura	183,4	155,3	149,2	132,5	138,5	114,0	-28,1	-6,1	-16,6	6,0	-24,5	-69,4
Pesca	33,2	30,5	28,9	36,9	35,6	28,8	-2,7	-1,6	8,0	-1,3	-6,8	-4,4
Subtotal sector agropesqueiro	216,6	185,8	178,1	169,4	174,1	142,8	-30,8	-7,7	-8,6	4,7	-31,3	-73,8
Industria	146,4	152,2	167,6	168,2	180,6	192,1	5,8	15,4	0,6	12,4	11,5	45,7
Construcción	97,2	101,3	98,5	110,8	116,8	126,7	4,1	-2,8	12,3	6,0	9,9	29,5
Servicios	439,2	466,3	480,2	504,3	515,8	523,5	27,1	13,9	24,1	11,5	7,7	84,3
Subtotal sect. non primarios	682,8	719,8	746,3	783,3	813,2	842,3	37,0	26,5	37,0	29,9	29,1	159,5
Total	899,4	905,6	924,4	952,7	987,3	985,1	6,2	18,8	28,4	34,6	-2,2	85,7

Elaboración propia
(1) En miles
Fonte: INE: EPA do 4º trimestre

Xa chamamos a atención no Informe do ano anterior sobre o sorprendente deste dato, especialmente tendo en conta que por grupos de idade só se creou emprego no de 55 e máis anos, e non hai que esquecer que están vixentes programas da UE incentivadores do abandono do emprego para labregos desas idades. No Informe do ano 1999 figura a evolución a longo prazo do emprego agrario galego, que pode axudar a quen queira enxerta-lo dato do ano 2000 na tendencia de caída intensa que presentaba ata 1999 e que recobrou en 2001.

A última columna dese cadro reflicte que no conxunto do último quinquenio os sectores non primarios xeraron 159.500 empregos, mentres que o sector primario destruíu 73.800. O sector servicios foi o principal motor desa suba da ocupación, xa que a súa creación de emprego superou á conxunta da industria e a construción en 9.300 empregos.

¿Cal foi ano por ano a variación do emprego diferenciada entre os sectores primario e non primarios na economía galega no último quinquenio?:

■ En 1997 a suba nos sectores non primarios tivo un notable aumento (37.000 novos ocupados) e foi moi pouco menor a destrución de ocupación agro-pesqueira (30.800).

■ En 1998 a xeración de emprego neto dos sectores secundario e dos servicios (26.500) baixou algo pero diminuíu moito máis a perda de emprego agro-pesqueiro (7.700 persoas).

■ En 1999 a xeración de emprego nos sectores secundario e terciario volveu ó nivel de 1997 (37.000) pero desta volta a perda de emprego do sector primario foi moito menor que entón (8.600, pouco máis da coarta parte que dous anos antes).

■ No ano 2000 a creación de emprego nos sectores non primarios foi de 29.900 (7.100 menos que no ano anterior) pero foi positiva a contribución do sector primario (4.700 empregos), o que permite continua-la traxectoria de suba da ocupación total galega do período analizado.

■ O emprego dos sectores non primarios presentou no ano 2001 un avance semellante ó do ano anterior; pero a fortísima destrución de emprego no sector primario nese ano (a maior do período 1996-2001 en termos absolutos e moi especialmente en termos relativos) non permitiu acadar unha suba da ocupación total en Galicia.

1.3. Comercio exterior

1.3.1. Comercio exterior galego e taxa de cobertura

Na análise dos datos correspondentes a Galicia da balanza comercial española debemos sobrancea-la notable mellora do comercio exterior galego no último ano. As exportacións galegas subiron no ano 2001 a un ritmo superior ó das importacións, e a taxa de cobertura representou un avance moi importante.

No cadro 1.20 podemos aprecia-la evolución do saldo da taxa de cobertura na última década. Nel destacaremos no ano 2001 que mellorou por terceiro ano consecutivo a taxa de cobertura (ou porcentaxe que representa o valor das exporta-

cións sobre o das importacións), que se sitúa moi próxima ó equilibrio, co mellor valor do período analizado; o valor das exportacións galegas cubre no último ano o 98,9% do valor das nosas importacións (5,5 puntos por riba que no ano anterior e 23 puntos por riba do correspondente dato estatal).

■ Cadro 1.20

**Taxa de cobertura.
Galicia 1992-2001**

	1992	1993	1994	1995	1996	1997	1998	1999	2000	2001
T. cob. (%)	65,3	81,8	83,4	87,4	97,5	91,3	86,3	90,1	93,4	98,9

Fonte: Dirección Territorial de Comercio en Galicia (sobre datos de ICEX/ESTACOM)

1.3.2. Distribución por produtos e por estados

En canto ás principais mercancías exportadas e importadas en Galicia prodúcese un grao de concentración sectorial moi elevado, xa que case un 80% do comercio exterior galego se concentra en dez capítulos do arancel. A notable importancia do comercio intraindustrial reflíctese no feito de que coinciden sete dos dez primeiros capítulos arancelarios nas exportacións e máis nas importacións (especialmente significativo resulta, nese sentido, que coincidan os dous primeiros capítulos, que supoñen nas exportacións o 58,1 do total galego -case catro puntos máis que no ano anterior- e nas importacións o 46,4% do total -4 puntos menos que en 2000).

No cadro 1.21 presentémo-los dez capítulos principais das exportacións galegas no ano 2001. Constátase que xa mais da metade do valor das exportacións galegas pertencen ó capítulo automobilístico e que os catro primeiros apartados concentran dous de cada tres euros das mercancías que Galicia vendeu no ano 2001 para fóra de España.

Principais capítulos de exportación. Galicia. 2001⁽¹⁾

■ Cadro 1.21

	Exportacións	%
1	Vehículos automóbiles, tractores, ciclos e demais vehículos	50,2
2	Peixes, crustáceos e moluscos	7,9
3	Prendas e complementos de vestir, agás os de punto	4,6
4	Manufacturas de pedra, xeso e cemento	3,6
5	Preparación de carne e de peixe	3,6
6	Prendas e complementos de vestir de punto	2,4
7	Combustibles minerais, aceites minerais	2,3
8	Aluminio e manufacturas de aluminio	1,8
9	Madeira e manufacturas da madeira	1,8
10	Máquinas, aparatos e material eléctrico e as súas partes	1,7
	Resto de produtos	20,1

(1) Datos de xaneiro a novembro, en porcentaxe de participación sobre o valo total das exportacións galegas do período
Fonte: ICEX. Base de datos de ESTACOM

No tocante ás importacións, o cadro 1.22 explicita que ó redor dun tercio das importacións prodúcese no sector automobilístico. O grao de concentración dos tres primeiros capítulos importadores é moi alto (59,3%) pero -a diferenza do ano anterior- é inferior ó das exportacións (62,7%).

O descenso dos prezos internacionais dos produtos enerxéticos en 2001 fixo que o capítulo dos combustibles e aceites minerais pase de ocupar o segundo posto da clasificación ó terceiro, intercambiando a posición co capítulo que no pasado ano ocupaba o terceiro lugar (o de “peixes, crustáceos e moluscos”).

Principais capítulos de importación. Galicia. 2001⁽¹⁾

■ Cadro 1.22

	Importacións	%
1	Automóviles, tractores, ciclos e demais vehículos	32,6
2	Peixes, crustáceos e moluscos	13,8
3	Combustibles minerais, aceites minerais	12,9
4	Reactores nucleares, caldeiras e máquinas	3,3
5	Prendas e complementos de vestir, agás os de punto	3,0
6	Prendas e complementos de vestir de punto	2,9
7	Madeira, carbón e manufacturas da madeira	2,8
8	Fundición, ferro e aceiro	2,5
9	Productos farmacéuticos	2,3
10	Máquinas, aparatos e material eléctrico e as súas partes	1,9
	Resto de productos	21,8

(1) Datos de xaneiro a novembro, en porcentaxe de participación sobre o valo total das exportacións galegas do período
Fonte: ICEX. Base de datos de ESTACOM

A distribución por áreas xeográficas do comercio exterior galego constata que os oito principais estados ós que Galicia vende mercancías concentran un 80,4% do total das exportacións e os sete primeiros son da Unión Europea. O cadro 1.23 recolle a situación no ano 2001: Máis da metade (55,8%) das exportacións van para Francia-Mónaco, Portugal e Reino Unido (cun avance relativo especialmente importante deste último estado).

Principais estados clientes e provedores de Galicia. 2001⁽¹⁾

■ Cadro 1.23

Clientes			Provedores		
		%			%
1	Francia e Mónaco	26,0	1	Francia e Mónaco	33,5
2	Portugal	17,9	2	Portugal	9,4
3	Reino Unido	11,9	3	Reino Unido	5,4
4	Italia	7,6	4	Alemaña	4,8
5	Alemaña	7,0	5	EE.UU.	4,4
6	Bélxica	4,0	6	Italia	3,8
7	Países Baixos	3,7	7	México	3,8
8	EE.UU.	2,3	8	Arxentina	3,2
	Resto de países	19,6		Resto de países	31,7

Datos de xaneiro a novembro, en porcentaxe de participación sobre o total das exportacións e das importacións de Galicia
Fonte: ICEX. Base de datos ESTACOM

Nas importacións, pola súa banda, case a metade do total (48,3%) seguen procedendo de Francia-Mónaco, Portugal e o Reino Unido. Dos oito principais provedores, cinco pertencen á Unión Europea (entre eles os catro primeiros da clasificación); destaca no ano 2001 o avance de Alemaña do 6º ó 4º posto.

1.4. Evolución dos prezos, os salarios e o gasto

1.4.1. A inflación

A taxa de inflación rexistrada en Galicia (e aínda máis en España) no ano 2001 rexistrou unha importante diminución respecto do dato do ano anterior. A suba dos prezos de decembro a decembro para Galicia e España no último quinquenio figura no cadro 1.24, no que se comproba que tanto en Galicia como en España pechouse o ano 2001 coa menor suba do IPC do último trienio (aunque certamente por riba da previsión oficial e máis da suba media na Unión Europea).


A inflación subxacente (que é a que non ten en conta o comportamento dos prezos dos produtos enerxéticos e máis dos alimentos non elaborados) quedou máis dun punto por riba da suba do IPC xeral, xa que foi dun 3,7% en Galicia e dun 3,8% no estado.

Taxa de variación do IPC⁽¹⁾. Galicia/España. 1997-2001

■ Cadro 1.24

	1997	1998	1999	2000	2001
Galicia	1,9	1,4	3,2	3,7	2,6
España	2,0	1,4	2,9	4,0	2,7

(1) De decembro a decembro
Fonte: INE



A información do cadro anterior complementarémola coa que figura no cadro I.25, que ofrece a desagregación en doce grupos de gasto da suba xeral de prezos; obsérvase nel que o comportamento dos prezos -en Galicia e no Estado- no pasado ano foi descendente no transporte (pola diminución do prezo internacional do petróleo) e nas comunicacións (sobre todo polo aumento da competencia nas telecomunicacións). O grupo de gasto máis inflacionista foi -tanto en Galicia como en España- o de “alimentos e bebidas non alcohólicas”, pero cómpre subliñar que en dez dos doce grupos de gasto subiron os prezos en Galicia (en nove en España) por riba da previsión oficial de inflación (2%).

■ Cadro 1.25

**Taxas de variación dos grupos de gasto do IPC⁽¹⁾.
Galicia/ España. 2001**

	Aliment.	Bebidas	Vestido	Vivenda	Enxoval	Medicina	Transp.	Comun.	Cultura	Ensino	Hostal.	Outros
Galicia	6,1	3,6	3,6	2,2	2,5	2,9	-3,4	-2,6	4,4	4,1	3,5	3,9
España	5,9	4,2	3,2	1,8	2,8	2,7	-2,9	-2,6	4,3	4,1	4,7	3,5

Fonte: Dirección Xeral de Formación e Colocación. Subdirección Xeral de Formación Ocupacional

No cadro I.26 presentámo-la evolución en Galicia desde 1993 do índice xeral de prezos (que ten a base 100 en 1992); ó remate do ano 2001 acada o índice 137,7 en Galicia (algo por riba do estatal: 137,0). Ese mesmo cadro permite face-lo seguimento para Galicia da andaina da suba do IPC de cada ano nun período temporal máis amplo que o analizado no cadro I.24; esa traxectoria foi descendente de 1993 a 1998, ascendente no bienio seguinte e volveu a descender no último ano.

■ Cadro 1.26

**IPC⁽¹⁾ e variación do IPC⁽²⁾.
Galicia. 1993-2001**

	1993	1994	1995	1996	1997	1998	1999	2000	2001
Índice	105,4	110,7	115,9	120,0	123,7	125,4	129,5	134,2	137,7
Variación en %	5,0	4,6	4,3	3,1	1,9	1,4	3,2	3,7	2,6

(1) Base 1992=100

(2) Decembro de 2001 sobre decembro de 2000

Fonte: INE

O cadro I.27 reflicte a evolución provincial no último ano do índice xeral de prezos e da súa variación porcentual. En 2001 as provincias máis inflacionistas foron A Coruña e Pontevedra (ámbalas dúas cun 2,8% de suba do IPC) e as de menor inflación Lugo e Ourense (cun 2% as dúas). A evolución da última década manifesta esa mesma tendencia, cunha suba acumulada próxima ó 39% nas provincias máis desenvolvidas economicamente e ó redor do 35% nas provincias orientais.

IPC e variación do IPC. Por provincias. Galicia. 2001

■ Cadro 1.27

	Índice ⁽¹⁾	% Variación ⁽²⁾
A Coruña	138,5	2,8
Lugo	135,4	2,0
Ourense	134,8	2,0
Pontevedra	139,0	2,8

(1) Base 1992=100

(2) Decembro de 2001 sobre decembro de 2000

Fonte: INE

No tocante á evolución dos prezos en Galicia na última década desagregada por grupos de gasto, o cadro 1.28 explicita que os grupos máis inflacionistas foron os de “bebidas alcohólicas e tabaco” (84,6%) e ensino (77,5%) e os menos inflacionistas: comunicacións (19,5%), vestido-calzado (30,8%) e enxoval (31,2%). As persoas interesadas na desagregación provincial desa evolución do IPC por grupos de gasto no último ano teñen os datos á súa disposición no cadro 1.29.

IPC por grupos de gasto⁽¹⁾. Galicia. 2001

■ Cadro 1.28

Grupos de gasto	Índice
1. Alimentos e bebidas non alcohólicas	129,7
2. Bebidas alcohólicas e tabaco	184,6
3. vestido e calzado	130,8
4. Vivenda	147,8
5. Enxoval	131,2
6. Medicina	135,0
7. Transportes	137,7
8. Comunicacións	119,5
9. Ocio e cultura	135,1
10. Ensino	177,5
11. Hoteis, cafés e restaurante	155,0
12. Outros	143,6

(1) Base 1992=100

Fonte: INE

Taxa de variación dos grupos de gasto do IPC⁽¹⁾. Por provincias. Galicia. 2001

■ Cadro 1.29

Grupos de gasto	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
1. Alimentos e bebidas no alcohólicas	7,1	6,6	4,7	5,5
2. Bebidas alcohólicas e tabaco	4,3	2,3	3,1	3,4
3. vestido e calzado	3,1	2,8	5,2	4,1
4. Vivenda	2,0	1,5	-0,5	4,0
5. Enxoval	2,2	2,8	3,0	2,6
6. Medicina	3,6	2,9	1,9	2,3
7. Transportes	-3,7	-3,4	-3,7	-3,0
8. Comunicacóns	-2,5	-2,9	-3,1	-2,4
9. Ocio e cultura	5,2	3,5	4,1	3,6
10. Ensino	4,3	4,4	3,7	3,9
11. Hoteis, cafés e restaurante	3,0	2,3	2,7	4,9
12. Outros	3,6	1,5	4,7	5,0

(1) Decembro de 2001 sobre decembro de 2000
 Fonte: INE

1.4.2. Evolución dos salarios e do gasto

Desde 1963 ate o ano 2000 o INE veu publicando trimestralmente a Enquisa de Salarios na Industria e nos Servicios, que recollía a ganancia media mensual dos traballadores dos sectores non primarios. A partir do ano 2001 esta “clásica” da información estatística española foi substituída polo “Índice de Custos Laborais”, que amplía o ámbito do estudio por incluír tamén custos laborais diferentes dos salariais (como as cotizacións á Seguridade Social ou as indemnizacións por despido). O ICL é unha operación estatística continua, de periodicidade trimestral, que forma parte dos euroindicadores que Eurostat solicitou ós países da área euro co obxectivo de medi-la potencial converxencia dos custos laborais nos estados membros.

Por iso, unha das súas posibles aplicacións será a de permitir actualizar anualmente a Enquisa de Custos Laborais que se realiza cada catro anos nos estados da UE.

O cadro 1.30 recolle o índice de custos laborais nas diferentes comunidades autónomas (e máis no conxunto do estado) no cuarto trimestre de 2001. Compróbase que en Galicia é un 87,80% da custo laboral medio estatal e que no último ano o crecemento en Galicia foi superior en case un punto ó estatal. As comunidades de maiores custos laborais son Madrid, País Vasco e Navarra; as de máis baixos custos salariais son Murcia, Canarias e Extremadura.

Nesa mesma enquisa recóllense datos relativos ás horas efectivas de traballo en cada comunidade autónoma. Madrid, Galicia e Castela-A Mancha son as de máis horas efectivas, mentres que Navarra, Aragón e País Vasco son as de menos.

A desagregación para os sectores productivos non primarios do índice de custos laborais de Galicia e España no cuarto trimestre de 2001 téñeno as persoas interesadas no cadro 1.31. Compróbase que o maior índice é o da industria e o menor o da construción nos dous ámbitos espaciais analizados.

Índice de costes laborales. Por comunidades autónomas. España. 2001⁽¹⁾

■ Cadro 1.30

	Coste laboral por traballador e mes	
	Euros	%Variación
España	1.954,72	4,4
Andalucía	1.796,32	4,5
Aragón	1.957,33	5,1
Asturias	1.907,46	4,9
Baleares	1.783,82	4,0
Canarias	1.623,99	2,4
Cantabria	1.840,97	1,7
Castilla y León	1.848,27	4,9
Castilla-La Mancha	1.675,57	1,5
Cataluña	2.057,01	4,7
Com. Valenciana	1.772,58	5,5
Extremadura	1.635,77	3,2
Galicia	1.716,26	5,3
Madrid	2.295,15	4,5
Murcia	1.610,20	3,8
Navarra	2.193,99	4,6
País Vasco	2.252,34	3,7
A Ríoxa	1.840,94	3,7

(1) Datos do 4º trimestre de 2001
Fonte: INE

Índice de costes laborales. Por sectores productivos. Galicia/España. 2001⁽¹⁾

■ Cadro 1.31

	España	Galicia
Total	1.954,72	1.716,26
Industria	2.209,64	1.926,50
Construcción	1.848,33	1.600,56
Servicios	1.884,12	1.647,52

(1) Datos do 4º trimestre de 2001, en euros, por traballador e mes
Fonte: INE

O cadro 1.32, pola súa banda, recolle a comparanza entre o custo laboral por hora efectiva en Galicia e España no cuarto trimestre de 2001, coa correspondente desagregación nos sectores productivos non primarios. O custo laboral por hora efectiva en Galicia é o 86,43% da media estatal. O maior é o da industria e o menor o da construción nos dous ámbitos territoriais estudados.

Coste laboral por hora efectiva⁽¹⁾. Galicia/España. 2001

■ Cadro 1.32

	Galicia	España
Total	12,1	14,0
Industria	13,1	15,3
Construcción	10,7	12,5
Servicios	12,0	13,9

(1) Datos do 4º trimestre de 2001, en euros
 Fonte: INE

O cadro 1.33 presenta o índice laboral das distintas provincias galegas en comparación coa media estatal. Só o de A Coruña supera o 90% do promedio español, mentres que a provincias de menor índice salarial (Ourense) non chega ó 84%. Galicia é a cuarta comunidade autónoma con máis baixo índice salarial (só por diante de Extremadura, Andalucía e Murcia), cun 88,6% da media estatal, e dúas provincias galegas (Lugo e Ourense) están entre as dez últimas de España, de acordo con este estudio.

Índice salarial. Por provincias. Galicia. 2000

■ Cadro 1.33

	% índice salarial ⁽¹⁾
A Coruña	91,02
Lugo	84,32
Ourense	83,51
Pontevedra	88,55

(1) Media de España=100
 Fonte: FUNCAS: "Balance Económico Regional 1995-2000"

Incluso tendo en conta que Galicia ten un índice de prezos inferior ó promedio español (do 95,86% segundo este estudio de FUNCAS) queda claro que a maior diferenza do noso nivel salarial medio co estatal -en comparación co diferencial dos prezos- explicita que o poder adquisitivo dos nosos salarios queda por baixo do promedio estatal. Concretamente, o nivel salarial dos galegos debería aumentar nun 12,87% para igualalo seu poder de compra co do promedio español.

No tocante á comparación con outros estados da Unión Europea, a Enquisa Europea de Custos Laborais realízase cada catro anos co obxectivo de estima-lo custo do factor traballo nos distintos Estados da UE, incluíndo tamén os custos non salariais. Como se pode ver no Informe do ano pasado, na última enquisa que se realizou tan só dous Estados (Grecia e Portugal) presentan un custo laboral inferior ó español. O custo laboral medio en Galicia nese ano era aproximadamente a metade dun austríaco ou dun dinamarqués e representaba un 63,53% do custo laboral medio da UE e un 61,81% da media dos países da zona euro.

Un dos importantes condicionantes dos ingresos de moitos fogares é o importe do salario mínimo interprofesional, non só para os que o perciben directamente senón tamén para aqueles que reciben ingresos sociais que están directamente vencellados con esa magnitude. No cadro 1.34 recollémo-lo importe do SMI nos nove estados da UE nos que está regulado. Compróbase que o salario mínimo español (e galego) está entre os máis baixos (só por diante de Portugal e Grecia) e que non chega á metade do de estados como Reino Unido, Francia, Bélxica, Holanda ou Luxemburgo. A diferenza de prezos con eses cinco estados non se achega -nin moito menos- ó diferencial dos salarios mínimos, polo que o poder adquisitivo do SMI español (e galego) queda moi por baixo do deses países; un recente estudio de Eurostat sobre este tema sinala que, tendo en conta a compra dun mesmo grupo de produtos, os españois deben desembolsar máis do 20% (o dobre que na media da UE) e só Portugal debe desembolsar unha porcentaxe maior do SMI na compra desa “cesta de produtos”.

SMI. Unión Europea. 2001

■ Cadro 1.34

Portugal	390
Grecia	458
España⁽¹⁾	506
Irlanda	983
Reino Unido	1.062
Francia	1.083
Bélxica	1.118
Holanda	1.154
Luxemburgo	1.259

(1) Inclúe o prorrateo das dúas pagas extras

Fonte: Eurostat

No relativo ó SMI por hora efectiva traballada en distintos estados da Unión Europea, o cadro 1.35 pon de manifesto que o dato español (e o galego) non chega á terceira parte da media da UE (é o 31,9%) nin á quinta parte do de Luxemburgo.

SMI. Por hora traballada. Unión Europea. 2001

■ Cadro 1.35

	Euros/ hora traballada
Luxemburgo	9,67
Holanda	7,35
Bélxica	6,85
Francia	6,67
Reino Unido	6,57
Irlanda	6,43
Grecia	2,65
Portugal	2,09
España	1,80
Media UE	5,65

Fonte: Consultora William M. Mercer

A comparanza da evolución do salario mínimo interprofesional e do índice de prezos ó consumo en Galicia na última década reflicte -no cadro I.36- que só en catro anos (1992, 1996, 1997 e 1998) a suba do SMI foi maior que o da inflación. Entre os seis anos en que ocorreu o contrario atópanse os tres do último trienio.

■ Cadro 1.36

**Evolución comparativa do SMI e do IPC.
Galicia. 1992-2001**

	1992	1993	1994	1995	1996	1997	1998	1999	2000	2001
SMI ⁽¹⁾	5,7	4,0	3,5	3,5	3,5	2,6	2,1	1,8	2,0	2,0
IPC ⁽¹⁾	5,4	5,0	4,6	4,3	3,1	1,9	1,4	3,2	3,7	2,6

(1) En porcentaxe de suba anual
Fonte: INE

No capítulo 7 deste Informe figura a suba salarial establecida na negociación colectiva en Galicia e no conxunto do Estado nos últimos anos; a súa visión pode ser interesante para complementa-lo visto neste epígrafe, porque os salarios son a fonte principal de renda dos fogares, polo que o seu nivel é un condicionante importante do consumo ou aforro que van realizar as persoas que residen neles. No cadro I.37 recollémo-los últimos datos do ano 2001 do gasto medio por persoa en Galicia e no total español, que reflicte a menor contía do mesmo en Galicia en relación coa media española. Ese gasto foi en Galicia do 90,74% do gasto medio estatal (2,4 puntos menos que no ano anterior).

Gasto medio por persoa. Por comunidades autónomas. 2001⁽¹⁾
■ Cadro 1.37

	Total Gasto	Alimentos, bebidas e tabaco ⁽²⁾	Resto
Andalucía	1.588,30	337,23	1.251,07
Aragón	1.862,89	404,63	1.458,26
Asturias	1.815,86	370,24	1.445,61
Baleares	1.993,51	305,35	1.688,16
Canarias	1.658,46	323,41	1.335,05
Cantabria	2.018,62	420,93	1.597,69
C. León	1.655,79	335,18	1.320,60
C. A Mancha	1.460,76	318,53	1.142,23
Cataluña	1.911,77	400,36	1.511,40
C. Valenciana	1.702,54	341,69	1.360,84
Extremadura	1.374,46	346,57	1.027,89
Galicia	1.609,26	382,75	1.226,51
Madrid	2.103,64	385,59	1.718,05
Murcia	1.696,51	400,25	1.296,26
Navarra	2.057,14	360,51	1.696,63
País Vasco	2.008,91	423,91	1.585,00
A Ríoxa	1.924,70	423,71	1.500,99
Ceuta e Melilla	1.840,15	348,30	1.491,85
España	1.773,40	365,85	1.407,55

(1) Datos do 4º trimestre de 2001, en euros

(2) Só inclúe os alimentos e as bebidas que se consumen no fogar

Fonte: INE. Enquisas Continuas de Orzamentos Familiares (gasto de consumo dos fogares)